### Ricardo Fernández Martínez e Vanesa Montero Fernández, socios e xerentes de APAGAL

# "É moi importante que todos os equipos de protección contra incendios estean en perfecto estado e coas revisións obrigatorias realizadas"

A instalación e mantemento de medios para a Protección Contra Incendios, así autorizada pola Xunta de Galicia, é a actividade de Apagal, unha empresa fundada en Lugo o pasado ano 2014. Ricardo Fernández Martínez e Vanesa Montero Fernández son socios e xerentes de Apagal.

**Pero, como xorde?**

APAGAL xorde para dar continuidade a actividade da empresa na que traballaban a maioría dos seus empregados despois de que esta pechara. Tanto os empregados como a xerencia dispoñían de experiencia previa no sector , complementada con cursos e formación para estar totalmente actualizados, para ofrecer un servizo cada vez mellor.

**E a que debe o seu nome?**

O nome de Apagal é un acrónimo de Apagalumes Galicia e, tendo en conta que os nosos produtos son empregados para apagalo lume, foi un nome que nos gustou dende o comezo.

**Cales son os seus principais servizos?**

Os principais servizos ofrecidos por APAGAL son o deseño, instalación, mantemento e legalización de todo tipo de sistemas contra incendios, así como de sistemas de detección de fumes e gases, sinalización de emerxencias e en definitiva todo tipo de dispositivos de seguridade que teñen que ver directa ou indirectamente coa prevención e a extinción de incendios, tanto no ámbito particular como para empresas e comunidades de veciños.

**Dependendo das características das instalacións e a actividade da empresa son necesarios distintos equipos anti-incendios?**

Aínda que os extintores e as mangueiras son os dispositivos que nos resultan máis familiares porque son os que máis comunmente atopamos na nosa vida diaria, hai moitos outros elementos do noso día a día que nos axudan tanto na detección como na extinción, como poden ser centrais de detección ( tanto de incendios como de monóxido de carbono (CO) ), extincións automáticas (presentes en centros de transformación eléctrica, gasolineiras e campás extractoras de cociñas ), equipos de bombeo de emerxencia e redes de abastecemento de seguridade, cables resistentes ao lume, portas e cortinas cortalumes e un longo etcétera.

Todos estes equipos contra incendios e de seguridade deberán estar obrigatoriamente dentro dos estándares de seguridade establecidos pola normativa UNE, e os seus mantementos deben estar rexidos polo Real Decreto 1942/1993 do 5 de Novembro. Todo equipo que non cumpra con estes requisitos non é apto para a súa utilización nin revisión.

**Cal é a importancia do cumprimento da normativa en materia anti-incendios?**

É moi importante que todos os equipos de protección contra incendios estean en perfecto estado e coas revisións obrigatorias realizadas, e a xente debe de concienciarse de que aínda que pareza que o traballo dun extintor non é máis que estar pendurado dunha parede, no momento no que sexa preciso debe estar preparado para usalo, pois pódenos axudar a que un pequeno susto non se transforme nunha traxedia tanto material como persoal. Creemos que en tódolos fogares debería haber como mínimo un extintor, e sobre todo no medio rural onde é moi habitual a presenza de cociñas e estufas de leña, as cales son un foco moi importante dos lumes accidentais domésticos.

**No caso dunha empresa coma Apagal, que accións se deben levar a cabo atendendo á lexislación vixente?**

Para a obtención dos permisos pertinentes e para estar dentro dos estándares de calidade, unha empresa como a nosa está obrigada a desenvolver unha formación continua para os empregados, tanto para realizar as nosas tarefas como de prevención de riscos laborais, así como de dispoñer dun rexistro na Consellería de Industria e un seguro de responsabilidade civil obrigatoria. Todo isto supuxo un desembolso importante ao inicio da actividade, xunto á inversión en maquinaria e ferramenta.

**E que outras dificultades se poden atopar á hora de emprender un negocio? E facilidades?**

Hoxe por hoxe as axudas que as administracións públicas prestan á xente nova e aos emprendedores é pouca ou inexistente facendo ás veces moi difícil e incluso imposible iniciar unha andadura empresarial deste tipo. Nós comezamos sendo oito integrantes da empresa e non foi un comezo fácil. Neste aspecto estamos moi agradecidos tanto aos clientes particulares coma ás empresas que decidiron confiar en nós.

**Tamén ofrecedes formación…**

A nosa actividade tamén está orientada á formación de seguridade contra incendios, impartindo cursos para empresas e institucións públicas e xornadas de portas abertas para que todo o que queira se achegue ás nosas instalacións e aprenda a utilizar os equipos existentes na vida cotiá.

**Ata o momento, en que zona xeográfica desenvolven a súa labor?**

Aínda que a maioría dos nosos clientes se atopan na provincia de Lugo, traballamos en toda Galicia e Asturias, ofrecendo os nosos servizos dunha maneira profesional e eficiente, sen esquecer ese trato personalizado e achegado que a todos nos gusta.

**E, os interesados nos vosos servizos, como poden contactar con vós?**

Calquera persoa ou empresa que precise de información sobre os nosos servizos ou traballos pode visitarnos tanto nas nosas instalación na rúa dos Carros 18 no Polígono Industrial O Ceao de Lugo (de nove da mañá a dúas do mediodía e de cinco da tarde a oito do serán de luns a venres) no teléfono 982 209 340, no enderezo electrónico apagal@apagal.com ou na nosa web www.apagal.com.




**Ricardo Fernández e Vanesa Montero, socios de Apagal (á esquerda) e a nave e furgonetas da empresa luguesa (á dereita).**







